



CONCELLO DE POIO

Ref: MC

(Secretaría)

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA, NÚMERO CINCOCENTAS VINTE E TRES REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA VINTE E TRES DE NOVEMBRO DE DOUS MIL QUINCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás oito horas e trinta e cinco minutos do día vinte e tres de novembro de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs./as. Concelleiros Xulio Barreiro Lubián, Xosé Luis Martínez Blanco, Margarita Caldas Moreira, Lidia Salgueiro Piñeiro, Rocio Cochón Castro, Juan J. Rodríguez Grandal, Cándido Muiños Balea, M^a Natividad Torres Balea, Manuel Domínguez Álvarez, Consuelo Besada Lores e Rosa Fernández Goanzález; escusan a non asistencia os/as concelleiros/as Silvia Díaz Iglesias, José Angel Lodeiro Cancela, Angel Moldes Martínez e Gregorio L. Agís Gómez. Actuando a Secretaria Xeral do Concello D^a. Paula Díaz Ramos como delegada da Xunta Electoral de Zona. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión extraordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

4070.- SORTEO A CELEBRAR PARA A FORMACIÓN DAS MESAS ELECTORAIS DAS VINDEIRAS ELECCIÓNS A CORTES XERAIS DO PRÓXIMO 20 DE DECEMBRO DE 2015.- Polo Presidente declárase aberta a sesión, tralo que se da conta da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, modificada polas Leis Orgánicas 2/1980, de 18 de xaneiro; 5/1985, de 19 de xuño; 8/1991, de 13 de marzo, 6/1992, de 2 de novembro, e 13/94, de 30 de marzo, 3/1995 do 23 de marzo, Real Decreto 489/1995, de 3 de abril polo que se ditan normas reguladoras dos procesos electorais, e Decreto 605/1999, 16-4, de regulación complementaria dos procesos electorais e LO 2/2011.

De conformidade co artigo 26 da Lei 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral: 1).- A formación das Mesas compete ós Concellos baixo a supervisión das Xuntas Electorais de Zona. 2).- O Presidente e os Vogais de cada Mesa son designados por sorteo público entre a totalidade das persoas censadas na mesa da sección correspondente, que sexan menores de 70 anos e que saiban ler e escribir. O Presidente deberá ter o título de Bacharelato ou o de Formación Profesional de segundo grao, ou subsidiariamente, o de Graduado Escolar ou equivalente. 3).- Procédese da mesma forma o nomeamento de dous suplentes para cada un dos membros da Mesa. O artigo 25 da devandita Lei sinala que a Mesa Electoral está formada por un Presidente e dous Vogais.

A documentación existente neste Concello consiste en copias do Censo Electoral Ordinario, referido ao 30 de xullo de 2015, confeccionado pola Oficina Provincial do Censo Electoral, con lista de

electores referidos ás Mesas dos Distritos e Seccións do termo municipal de Poio, Distrito Primeiro, Seccións 1ª a 8ª; Distrito Segundo, Seccións 1ª a 3ª, cun total de vinte e catro mesas electorais, divididas por orde alfabético xeral.

Os sistemas informativos actuais permiten, a realización dun sorteo eficaz, rápido e transparente, seleccionando aos electores que reúnan as condicións específicas a cada caso, sen necesidade da previa selección mediante a confección de listados por separado para presidentes e outros para vogais, ao facilitar a Oficina do Censo Electoral, o soporte magnético do Censo Electoral por Seccións.

Realizado o sorteo, os funcionarios/as, mediante o sistema informático, localizan aos electores que deben formar as mesas electorais de conformidade co sorteo efectuado cubrindo os impresos oficiais que se remitirán á Xunta Electoral de Zona, asinados polo Sr. Presidente e Secretaria.

Seguidamente a Secretaria da lectura ao resultado do sorteo indicando os nomes e apelidos dos electores que deberán formar todas e cada unha das Mesas Electorais.

A secretaria Dª. Paula Ramos Díaz explica aos asistentes que se van a realizar cinco sorteos máis para as notificacións fallidas e para os novos nomeamentos dos membros das mesas co motivo das escusas presentadas e aceptadas pola Xunta Electoral de Zona. Os seis sorteos realizados, previamente dilixenciadoas únense á presente formando parte integrante da mesma.

O Pleno da Corporación considera correcto os sorteos efectuados sen formular ningunha observación, polo que lle presta conformidade, dispoñendo sexa remitido o resultado á Xunta Electoral de Zona.

A Corporación por unanimidade acordou aprobalo.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás oito horas e cincuenta, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretaria xeral, dou fe.